



MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN LUÍS TILVE DEPENDENTE DELA.

Antecedentes:

Coa publicación da Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia, DOG núm. 229 do 23 de novembro de 2009, integrouse na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca da Fundación Luís Tilve de titularidade da Fundación Luís Tilve. A integración formalizárase coa sinatura do presente convenio.

Descrición da operación:

A formalización do convenio que ten por obxecto a inclusión do centro bibliotecario da Fundación Luís Tilve na Rede de bibliotecas de Galicia, coa finalidade de que conxunto da cidadanía galega se poida beneficiar da riqueza bibliográfica e documental deste centro bibliotecario de cara ao seu desenvolvemento persoal e profesional.

Obxectivo do convenio:

A integración do centro bibliotecario da Fundación Luís Tilve na Rede de Bibliotecas de Galicia co obxectivo de que a totalidade dos centros bibliotecarios especializados que prestan servizo en Galicia, estean integrados na Rede.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos:

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Xustificación da necesidade de asinar o convenio:

Por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade maniféstase o especial interese en asinar este convenio co obxecto de renovar o compromiso de integración do centro bibliotecario da Fundación Luís Tilve na Rede de Bibliotecas de Galicia. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas especializadas de Galicia e, que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder a todos os recursos que lle ofrece a administración autonómica ás entidades titulares destes servizos.



Pola súa parte, a Fundación Luís Tilve pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centros bibliotecario e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

A Fundación Luís Tilve comprométese a dotar ao centro bibliotecario do orzamento suficiente para o seu funcionamento, dotalo do persoal adecuado e colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal, fomentar a participación do centro bibliotecario na Rede e nos programas que nesta se establezan, participar nos programas de préstamo interbibliotecario e colaborar na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a prestar apoio técnico necesario para acadar un servizo bibliotecario de calidade, dotar ao servizo co Sistema Integrado de xestión Bibliotecaria así como co resto de actividades, recursos e medios que poña ao dispor para a execución das competencias que lle son propias como centro coordinador da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Fundamento normativo:

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18 de setembro)
- Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1 de decembro).





- Orde do 3 de novembro de 2009 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia, DOG núm. 229, do 23 de novembro de 2009. Procedemento CT230B.

Polo tanto, **trátase dun convenio que non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros.**

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

